

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0211	Destrezas sociais	2022/2023	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ MARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ, BELÉN CARBALLO DOMÍNGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	BELÉN CARBALLO DOMÍNGUEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social. <i>CA1.1.1 Identifícanse os principios da intelixencia emocional e social.</i>
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais. <i>CA1.2.1 Identifícanse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.</i>
CA1.3 Identifícanse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.4 Identifícanse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica. <i>CA2.1.1 Identifícanse os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.</i>
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos. <i>CA2.2.1 Analizáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.</i>
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual. <i>CA2.3.1 Identifícanse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.</i>
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo. <i>CA2.4.2 Identifícase a tipoloxía dos membros dun grupo.</i>
CA2.6 Identifícanse as principais barreiras de comunicación grupal.
CA2.7 Defínese a repartición de tarefas como procedemento para o traballo grupo.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo. <i>CA2.8.2 Identifícase a creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.</i>

Criterios de avaliación do currículo
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.1.1 Identificouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.2.1 Identificáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.6 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.7.2 Formuláronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA4.1 Identificáronse os indicadores de avaliación da competencia social.
CA4.2 Rexistrouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.2.1 Identificouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.3.1 Identificáronse os datos en soportes establecidos.
CA4.5 Identificáronse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.5.2 Situáronse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríronse os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.1.2 Aplicáronse os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2.2 Aplicáronse as habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.
CA1.5 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.6 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.7 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade).
CA1.8 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.
CA2.1 Descríbóronse os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.1.2 Distinguíronse os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.2.2 Seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.3.2 Relacionáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.
CA2.4.1 Diferenciáronse os papeis dos membros dun grupo.
CA2.5 Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA2.8.1 Explicouse como é a creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.1.2 Explicouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.2.2 Enumeráronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.3 Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
CA3.4 Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas.
CA3.5 Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas.
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.7.1 Interpretáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.8 Discriminouse entre datos e opinións.
CA4.2 Rexistrouse a situación persoal e social de partida do persoal.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.2.2 Explicouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.3.2 Examináronse os datos en soportes establecidos.
CA4.4 Interpretáronse os datos recollidos.
CA4.5 Identificáronse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.5.1 Demostráronse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.6 Marcáronse as pautas de mellora.
CA4.7 Efectuouse a valoración final do proceso.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA:

Para avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, tomamos como referencia os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación establecidos para o módulo profesional no Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia (Decreto 226/2012). Os mínimos exixibles para acadar unha avaliación positiva, asociados aos correspondentes criterios de avaliación para a primeira e a segunda proba so todos os sinalados no apartado 2 da programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba segundo se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Primeira parte: proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Esta parte da proba ten un peso dun 50%.

Segunda parte: proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Esta parte da proba ten un peso dun 50%.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada numericamente, entre 1 e 10, sen decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Dita proba poderá estar constituída por preguntas tipo test e/ou preguntas de desenvolver, de resposta curta, de completar, de verdadeiro ou falso ou calqueira outra. No apartado de test, se fose o caso, penalizaranse as respostas incorrectas de xeito que dúas respostas erróneas invalidarán unha resposta correcta.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta segunda parte consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos nos que se deberán aplicar e poñer de relevo os coñecementos pertinentes atendendo aos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas.



Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.